



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia km 3, A Barcia
15897 Santiago de Compostela
A Coruña

galicia

Asunto: informe sobre Parque eólico Alto Montouto

Promotor: Adelanta

Localización: concello de A Cañiza y Covelo (Pontevedra)

Clave: (IN408A 2017/18).

ANTECEDENTES:

Con data 4 de Decembro de 2020 solicítase informe sobre a instalación do parque eólico ALTO MONTOUTO, sendo o promotor Adelanta.

Segundo estudio de Impacto ambiental remitido, proxéctase a instalación de 5 aerogeneradores de 4,2 MW de potencia unitaria, cunha altura total de 112 metros e unha potencia instalada de 21 MW. O PE sitúase no Concellos de A Cañiza y Covelo (Pontevedra)

O 23 do novembro de 2020 a Axencia de Turismo de Galicia emite pertinente informe solicitando estudio do impacto turístico que a nova instalación xenera, de tal xeito que o 7 de xaneiro de 2021 achégase adenda ó Impacto Ambiental da instalación a través de Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en contestación á solicitude mencionada polo que se procede o seu estudio e informe.

INFORME

Destacar de xeito que na elaboración de estudios de desenrollo destas infraestruturas deben ter presente os criterios legais recollidos na lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia, entre os que cómpre salienta os seguintes: A Administración da Xunta de Galicia concreta entre as súas competencias:

A protección e a preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos. (artigo 4.b).

Para os efectos do establecido nesta Lei considéranse recursos de interese turístico, todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables. (artigo 21).

Nos lugares de paisaxe aberta e natural de especial interese, sexa rural ou mariña... nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá.... a instalación doutros elementos que limiten o campo visual para contempla as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia dela (artigo 21.3).

Por outra banda e en concreto co obxecto do informe o estudo de Impacto Ambiental do Proxecto Parque Eólico de alto Montouto e tras analizar todos os posibles impactos que é mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global compatible, polo que no seu





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia km 3, A Barcia
15897 Santiago de Compostela
A Coruña

galicia

conxunto é ASUMIBLE coa consideración das medidas preventivas e correctoras activadas e a posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construcción non se considera significativa no aspecto turístico por supoñer un pequeno período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recurso naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenrolo da explotación.

Como elemento mais dano para o turismo rural considérase o ruído provocado polo funcionamento dos aeroxeradores, que aumenta coa velocidade do vento. Para elo os procedementos de avaliação adecuados para o control do ruído deberá axustarse aos valores límite de admisión establecidos nos artigos 23 e 24 e 25 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese fazer e ante a ausencia de medidas compensatorias relativas, considerase o impacto turístico significativo pero asumible.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da ÁREA de Obras e Mantemento

